

Altermundo

abaixo e á esquerda
está o **corazón**

TEMPOS NOVOS | TERCEIRA QUENDA | NÚMERO 05 | XANEIRO 2013

PÁX 02. ALTERNATIVAS



En todas as mans

Alberte Román e a Sociedade Cooperativa Trespés en defensa da figura dos montes veciñais en man común.

PÁX 05. EIVAS



Que democracia?

Antoni Aguiló convídanos a (des)aprender a democracia da man do sociólogo portugués Boaventura de Sousa Santos.

PÁX 09. POLO MIÚDO



Segue a revolución

Segundo **Katu Arkonada**, o ritmo emancipador en América Latina dependerá do que pase en Venezuela e Paraguai.

Máis de 40.000 indíxenas maias protagonizan a meirande e máis forte marcha zapatista dende o 1 de xaneiro de 1994

O son dun mundo que se derruba



Cunha xigantesca e silenciosa marcha celebrada o día 21 de decembro, coincidindo coa finalización do 13 baktun maia, decenas de milleiros de zapatistas, cos seus tradicionais paliacates e pasamontañas, sairon ás rúas en cinco caracois de Chiapas, respondendo así aos moitos murmurios que, nos últimos anos, propagaron infundios sobre divisións, debilidade, illamento e morte. “A quen correspon-

da. Escoitaron? É o son do seu mundo derrubándose. É o do noso rexurdindo. O día que foi o día, era noite. E noite será o día que será o día”, rezou o seu miúdo pero potente comunicado, asinado polo Subcomandante Insurgente Marcos. **Neil Harvey**, profesor na Universidade de Novo México e un dos maiores expertos nesta incríbel revolución indíxena, fala do significado desta gran demostración de forza.



En todas as mans, visibilizar un territorio



Alberte Román
Trespés
Sociedade
Cooperativa
Galega

O proxecto de documental 'En todas as mans' trata de valorizar a figura dos montes veciñais en mancomún, unha realidade pouco ou nada coñecida por boa parte da sociedade galega

A man nun duplo valor; como elemento de traballo, como símbolo do traballo comunitario e a man como elemento de decisión nas asembleas, como símbolo do asemblearismo. Este é o sentido do título do noso proxecto de documental "En todas as mans". Porque é sobre isto do que queremos tratar. De comunitarismo, de participación directa, de xestión do territorio, de patrimonio cultural, de monte veciñal.

700.000 has. de territorio, o que representa o 25 por cento da superficie do país, baixo a titularidade comunitaria, xestionadas a través de 3.000 entidades que involucran na volta de 150.000 persoas. A realidade do monte veciñal en cifras déixanos abaneando. Son números que debuxan un



O monte veciñal permanece invisibilizado na realidade do país, existindo un alargado descoñecemento a súa volta, mesmo entre a poboación do rural

contexto, o do monte veciñal en Galicia, que exceptuando o norte de Portugal, adquire unha relevancia sen igual

en todo o ámbito europeo. O noso proxecto de documental nace dun sentir, dunha pregunta. Ocupa o monte veciñal o lugar que lle corresponde na realidade galega?

O monte veciñal permanece invisibilizado na realidade do país, existindo un alargado descoñecemento a súa volta. Este descoñecemento percíbese, mesmo, entre a poboación do rural. Ao tempo, pululan discursos sobre o monte veciñal que describen unha realidade marcada polo inmovilismo, exceso da visión produtivista, e unha má xestión.

Si que é verdade que o proceso de devolución dos montes á veciñanza das

parroquias e aldeas, encetado hai máis de trinta anos, abriu un novo período onde o monte veciñal readaptou o papel que xogaba na sociedade rural. O abandono agrario repercutiu nun distanciamento con respecto ao monte, debido entre outros factores a que se rompeu o vínculo de necesidade, porque xa non tiñan o monte como recurso directo. Algo que se acentuou na xente máis nova, pois os raparigos e raparigas ven o monte, que terán que xestionar no futuro, como algo distante e non o recoñecen como propio. Este distanciamento da veciñanza, manifestase nun baixo grao de participación dos comuneiros/as, a xeneraliza-

ción de modelos privados de xestión nas comunidades (externalización) en detrimento da xestión directa. Aínda así a devolución dos montes propiciou, en parte, que a toma de decisións, a democracia participativa, se incorporase ao rural.

En determinadas comarcas, o monte veciñal é xerador de emprego, sendo evidente o papel que xogan estas entidades como fixadoras de poboación no rural

Nestas tres décadas, lonxe do inmovilismo, o monte veciñal non deixou de mudar. Así na xestión dos montes vanse, aos poucos, incorporando visións mais alá do produtivismo, con discursos como a multifuncionalidade que ten nas cuestións ambiental e social, dous dos seus alicerces. Nese aspecto, o proceso de pre-produción do documental está permitíndonos coñecer o traballo que desenvolven moitas comunidades de montes.

En determinadas comarcas, o monte veciñal é xerador de emprego, sendo evidente o papel que xogan como fixadoras de poboación no medio rural. Existen comunidades, como a de Teis en Vigo, que saben da loita contra especies invasoras como as acacias, facendo unha aposta clara pola protección do bosque autóctono. E cada vez son mais as comunidades de montes que están desenvolvendo proxectos propios de recuperación do patrimonio arqueolóxico e cultural, ou realizando programas de protección de certos hábitats naturais. Xa no plano da xestión, estase producindo un proceso de renovación xeracional, coa incorporación de mulleres e xente nova

O proxecto documental 'En todas as mans'

'En todas as mans' é un proxecto documental producido por Trespés Soc. Coop. Galega, que a través de espazos colaborativos e novas ferramentas de comunicación pretende construír un relato sobre o mancomún. No país do minifundismo permanece unha realidade que é de todos, e ao tempo de ninguén. Así é o mundo dos montes en mancomún. Esta forma de titularidade asenta as súas raíces nunha concepción colectiva do territorio, e fai parte do patrimonio cultural galego. Hai trinta anos os seus lexítimos titulares, a veciñanza dos lugares, comezaron a recuperar a xestión dos montes en mancomún, é tempo pois de realizar unha achega á situación actual deste réxime de titularidade. Pretendemos construír un relato tecido coas voces das xentes das comunidades e do ámbito académico. Construiremos, así, unha ollada diversa, unha reflexión colectiva sobre o monte en mancomún e o seu futuro.

Os montes en mancomún

Os montes en mancomún son formas de titularidade de orixe xurídica xermánica. Fronte a propiedade pública ou privada, que teñen orixe xurídica romana, este xeito de xestionar o territorio non supón ser propietario, senón usufrutuario, dereito de uso e xestión. O monte en mancomún non se pode vender, nen parcelar. Na actualidade, a forma do mancomún existe no territorio galego e no norte de Portugal. Galiza conta con aproximadamente 3.000 comunidades de montes en mancomún, que xestionan perto de 700.000 has. de territorio galego, un 29,85% da superficie forestal. A titularidade comunitaria implica na xestión do territorio uns 150.000 comuneiros e comuneiras.

Que fai necesario este traballo?

Este documental pretende mostrar o mundo do mancomún, unha realidade próxima, escasamente coñecida e pouco valorada pola sociedade galega. Ao tempo, queremos sinalar as potencialidades que ten como ferramenta válida para a xestión e custodia do territorio próximo. Pretendemos sinalar a titularidade en man-



común como un elemento que fai parte do patrimonio cultural galego. Queremos que este proxecto sirva como recoñecemento para as persoas que conforman as moitas comunidades de montes, os comuneiros e comuneiras. Desexamos estimular a súa participación e o orgullo por poder participar dun xeito de xestión do territorio propia, ao tempo que esa apreciación se expande ao conxunto da cidadanía galega.

A produtora: Trespés

Trespés é unha sociedade cooperativa galega de recente creación. Facemos parte dela, Tania Martínez, Paulo Jablonski e Alberte Román. Somos unha equipa multidisciplinar con ampla experiencia na materialización de ideas. Manexamos a versatilidade como ferramenta. Modelamos coa imaxinación. Construímos coa creatividade. Ofrecemos unha visión integral e multidisciplinar baseada nunha ampla experiencia nos sectores social, cultural e ambiental. Combinamos e complementamos diferentes ámbitos de traballo aplicando unha perspectiva cualitativa e fomentando a participación da cidadanía mediante metodoloxías flexíbeis a cada contexto.

Como colaborar?

Trespés conta para este proxecto co apoio dalgunhas administracións e ten en marcha mecanismos de *crowdfunding* para completar o financiamento.



O mundo dende o monte veciñal d'O Viso, en Redondela, onde este xaneiro a cooperativa Trespés realizará unha repoboación.

ás xuntas reitoras. En ocasións son estes procesos os que determinan a incorporación de novos discursos á visión do monte. Por iso o noso interese en que o documental se constrúa como discurso colectivo a partir das voces da xente das diferentes comunidades, dando visibilidade ás realidades presentes no monte veciñal.

Xunto a estes factores, tamén pretendemos que o documental permita sinalar o valor cultural que a figura do monte veciñal ten. Esta forma de xestionar o territorio ten a orixe na chegada dos pobos xermánicos hai máis de mil anos. Perdudou no tempo malia os múltiples intentos de usurpación, os mais deles na época moderna da man dos poderes estatais. É unha forma xenuína de nós e cómpre a súa consideración como patrimonio cultural inmaterial. Como ferramenta para xerir o territorio, os montes veciñais sitúan-

se próximos das políticas ambientais que inciden na necesidade de involu-

Esta forma de xestionar o territorio ten a orixe na chegada dos pobos xermánicos hai máis de mil anos. Perdudou no tempo malia os múltiples intentos de usurpación

crar os cidadáns na xestión e na custodia dos seus territorios. Por isto, cremos que tan importante como valorizar a figura do monte veciñal, é valorar o traballo das comunidades, dos comuneiros e comuneiras. Facer valer

o monte veciñal e o orgullo de sermos comuneiras e comuneiros.

Fronte a visión que teima en ver os montes veciñais como un problema, nós consideramos que son unha oportunidade para o país. Creemos que este proxecto “En todas as mans” é necesario, que este é un momento axeitado para avaliar o que está a acontecer no monte veciñal, e que esta reflexión debe servir tamén para analizar o papel que debe ter no futuro na xestión do territorio.

Lonxe de ser unha ollada sobre o pasado do monte veciñal, o noso proxecto encara o seu futuro e o seu lugar nas políticas do territorio das que tanto estamos necesitadas. •

+INFO: www.entodasasmans.com
 Contacto: info@entodasasmans.com
 Facebook: www.facebook.com/entodasasmans



> EN ESTADO DE REBELIÓN

(Des)aprender a democracia



Antoni Aguiló
Filósofo político. Investigador no Centro de Estudos Sociais da Universidade de Coimbra e en DECIDE

Tivas

Vivimos instaurados nunha democracia da dominación que debemos superar para emprender as loitas emancipadoras que deben marcar este século XXI

Lonxe de ser neutral, calquera forma de coñecemento –filosófico, científico, social, etc.– é portadora dunha “concepción do mundo que se manifesta implicitamente na arte, no dereito, na actividade económica, en todas as manifestacións da vida individual e colectiva” [1]. Detrás de todo coñecemento subxacen determinados valores, crenzas e representacións que se materializan en prácticas sociais, políticas e económicas. Hai, pois, economías egoístas e economías solidarias, xustizas inxustas e xustizas xustas, psicoloxías que reprimen e psicoloxías que liberan, pedagogías conformistas e pedagogías rebeldes. Do mesmo xeito, hai democracias ao servizo da liberación e “democracias” ao servizo da dominación.

O actual secuestro da democracia polas elites neoliberais é a proba máis evidente da persistencia desta democracia de dominación

Herdamos unha democracia marcada polo selo da dominación das clases dominantes sobre as subalternas. A his-



ARRIBALASQUELUCHAN!

toria da democracia representativa é a historia da apropiación da democracia popular polas clases propietarias, orixinalmente partidarias dun réxime constitucional favorábel aos intereses da economía capitalista, con dereitos civís e políticos restrinxidos ás minorías adiñeiradas, con garantías para a iniciativa privada, sen redistribución de riqueza e sen dereitos sociais. O burgués liberal do século XVIII non era un demócrata, senón un defensor do goberno representativo baseado na propiedade privada e o rango social. Durante o século XX a democracia de partidos e o sufraxio universal limaron o carácter antidemocrático do parlamentarismo burgués, pero non serviron para sobardar a democracia oligárquica na que minorías privilexiadas teñen poder de veto sobre a maioría, e menos para diminuír a des-

afección que tantas persoas senten pola política convencional. O actual secuestro da democracia polas elites neoliberais é a proba máis evidente da persistencia desta democracia de dominación, que en Europa mostra a súa faciana máis desapiadada coa confiscación de dereitos e rendas aos cidadáns, o rescate do capital financeiro, a mercantilización da vida e os experimentos de austeridade que fan medrar o desemprego, a pobreza e a exclusión.

O efecto da dominación é tan forte que no plano intelectual xera o que Marx e Engels chaman “falsa conciencia” [2], a naturalización das ideas da clase dominante coma se fosen as ideas dos dominados. Deste xeito, naturalizamos a monocultura da democracia liberal, a idea de que existe unha soa concepción, unha soa práctica e un só discurso de-

Altermundo

mocrático lexítimo e viábel: o da democracia electoral baseada nos valores do liberalismo político –individualismo, igualdade formal, representación parlamentar, sufraxio individual, competencia entre partidos, etc.–, con todo o que isto implica. Trátase dunha monocultura política tan poderosa que é capaz de: 1) trazar as liñas que separan a “democracia” do que non é, descualificando concepcións e prácticas democráticas alternativas que se afastan da ortodoxia liberal. 2) Establecer unha orde social e política que fai pasar por xerais os intereses particulares das clases dominantes e lexítima, por medios políticos, a existencia dun modelo de sociedade que reproduce a súa posición de dominación social e económica. 3) Mudar en canónica a experiencia política de catro países occidentais: Inglaterra (o parlamentarismo, Locke, a revolución Gloriosa de 1688, entre outros fenómenos), Francia (a Ilustración e a revolución de 1789), Holanda (a República de Batavia e os traballos de Grocio sobre o dereito de xentes) e Estados Unidos (a declaración de dereitos de Virginia de 1776 e a Constitución Federal de 1787). E 4) presentar a democracia liberal como un produto natural, insuperábel e definitivamente acabado. Inculcáronnos que esta monocultura non é ideolóxica, senón sentido común, pero sobre todo aprendéronnos a non saír dela. E coitado, porque quen o tente corre o risco de ser declarado inimigo da democracia ou tratado de soñador iluso.

Atravesamos unha época convulsa na que non podemos permitirmos seguir condicionados por “normas ríxidas, por hábitos mentais inmodificábeis, por imposibilidades de pensar dun outro xeito” [3] que nos levaron á calella na que nos atopamos. Para recuperar o exercicio da soberanía popular cómpre tomar conciencia do reduccionismo do pensamento democrático-liberal naturalizado e reaprender a democracia dende outras perspectivas. Se pensamos coma sempre, nunca (re)inventaremos nada. Construír mellores xeitos de articulación



ARRIBALASQUELUCHAN!

e decisión política esixe desaprender a monocultura da democracia liberal, que reproduce a dominación das élites e empobrece o noso horizonte de experiencia democrática. A desaprendizaxe desta monocultura permitiría valorar prácticas sociopolíticas invisibilizadas polos dictames canónicos, como o mandato imperativo, a asemblea, a rotación e revogación de cargos, a democracia directa, a participación popular nos procesos de deliberación e decisión, a rendición de contas e o control social da corrupción. Considero que este labor de desaprendizaxe pode apoiarse nas tres palabras que segundo Boaventura Santos [4] deben orientar as loitas emancipadoras do século XXI: descolonizar, desmercantilizar e democratizar.

Descolonizar a democracia significa desaprender a súa matriz eurocéntrica fundada na perspectiva do varón branco adulto, burgués, propietario, cristián e heterosexual. Significa denunciar os sesgos ideolóxicos dunha democracia que finxe que opresores e oprimidos son iguais ao depositar o seu voto nas urnas. É crear espazos e formas de sociabilidade que loiten contra a “democracia” elitista, clasista, machista e racista globalizada. As mulleres, as persoas con discapacidade, as minorías étnicas e sexuais seguen a ser os grandes ausentes da democracia liberal. Ademais, na Europa actual cada vez hai máis colectivos subrepresentados –traballadores, desem-

pleados precarizados, desafuzados, pensionistas, estudantes, entre outras– nas institucións democráticas.

Desmercantilizar a democracia que- re dicir deixar de concibila como un mercado político onde se mercan e venden votos en forma de beneficios electorais polos que compiten os partidos. Significa evitar que os esquemas de libre mercado e os seus valores transformen a democracia nunha mercadoría, como en Europa, onde a austeridade serviu de pretexto para privatizar a democracia, para mudala nun coto de intereses privados encubertos por un simulacro no que os votantes acoden ás urnas para referendar políticas impostas por unha minoría e no seu beneficio.

Democratizar a democracia significa liberala da camisa de forza que a acoraza, sobardar os límites que a reducen a unha democracia política baleira de contido social e económico, afastala da mera representación e da igualdade xurídica e apostar pola democracia como radicalidade e desmesura (Rancière), o que implica crear formas de participación que debiliten os privilexios da monocultura electoral.

Walt Whitman [5] escribiu: “A democracia é unha gran palabra cuxa historia non se escribiu aínda, porque esa historia está aínda por vivirse”. Descolonizar, desmercantilizar e democratizar, tres palabras crave para (des)aprender e coas que escribir a historia non vivida da democracia. •

Notas

[1] Gramsci, A. (1971), *El materialismo histórico y la filosofía de Benedetto Croce*, Nueva Visión, Bos Aires, páx. 12.

[2] Engels, F. (1893), “Carta a Franz Mehring (14/07/1893)”, Marxists Internet Archive, ler en: www.marxists.org/espanol/m-e/cartas/14-vii-93.htm [Consulta: 06-01-2013].

[3] Machado, A. (1986), *Juan de Mairena. Sentencias, donaires, apuntes y recuerdos de un profesor apócrifo* (1936), Alianza Editorial, Madrid, páx. 180.

[4] Aguiló, A. J. (2010), “La democracia revolucionaria, un proyecto para el siglo XXI. Entrevista a Boaventura de Sousa Santos”, *Revista Internacional de Filosofía Política*, 35, páx. 138 y ss.

[5] Whitman, W. (2007), *Democratic vistas*, Holloway Press, Nova York, páx. 37.



O neoliberalismo renace das súas cinzas



Flávio Aguiar
Rede Brasil
Atual, Berlín

Letonia ponse como exemplo da boa dirección das políticas de austeridade, porén, segue a ser un dos países con máis persoas pobres de Europa

O neoliberalismo e súas ortodoxas doutrinas viven renecendo continuamente das súas cinzas: das propias e das que vai sementando ao seu redor, incinerando soños, dereitos, expectativas no Moloch do Mercado. Como é iso posíbel? Está claro que iso débese, en boa parte, á obstinación dos seus arautos –como se ve no Brasil agora que se tenta incinerar o goberno de Dilma para 2014– en recoñecer alternativas ou os propios erros, en termos de avaliación e previsión do que vai acontecendo polo mundo.

Mais esa insistencia precisa dalgún soporte, malia que sexa de fantasía. Así se deu co Brasil do primeiro goberno de Fernando Henrique Cardoso. Ou en Chile. Ou en Islandia. Ou en Irlanda. Ou en México. A na propia Rusia. E máis

Letonia é a nova meniña dos ollos do neoliberalismo, o bo exemplo en medio daqueles carentes de disciplina: Grecia, España, Portugal, Italia, Lituania...

recentemente, na Europa enteira. O rastro de destrución é longo e devastador.



WAAR IS DE WOEDE

O paro castiga actualmente a Letonia. En cidades como Rezekne as taxas superan o 30 por cento.


Mais sempre resta unha esperanza. Aquí, en Europa, a esperanza agora chámase Letonia.

Letonia é un moi pequeno país, de pouco máis de dous millóns de habitantes, á beira do Mar Báltico, entre Estonia, Lituania, Bielorusia e a propia Rusia. A capital, Riga, ten pouco máis de 700 mil habitantes. Pertencía ao bloque de influencia soviética. Despois do esborrallamento da Unión Soviética e do comunismo, a economía letoa entrou en colapso. Encolleu aproximadamente un 50 por cento e o sistema financeiro do país quebrou. Reergueuse –milagrosamente–, coma sempre, grazas a empréstitos estranxeiros –en particular de bancos suecos–, que crearon unha “burbulla de prosperidade”.

A crise do crédito de 2007/2008 volveu esnaquizar o país, que recorreu a un empréstito de 7,5 billóns de euros do Fondo Monetario Internacional (FMI), máis o amargo purgante que vén engadido nesas ocasións.

E o purgante veu. A crise fixera á economía retraerse novamente nun 20 por cento. Abriu un certo buraco nas contas públicas, alén de traer á superficie unha débeda internacional xigantesca –privada, ao contrario da grega, que era pública. O sistema bancario volveu a naufragar. Por riba deste cadro, a “austeridade” bailou e rolou.

O goberno prescindiu dun terzo do funcionariado e esmagou os salarios. O sector privado tamén –en nome de restaurar a “competitividade” do país,



O mapa, de Eurostats, indica as porcentaxes de poboación en risco de pobreza na UE no ano 2009. Letonia, Romenia e Bulgaria tiñan os índices maiores. En 2011, 119,6 millóns de persoas, o 24,2% da poboación, na UE-27 estaban en risco de pobreza ou exclusión social, en comparanza co 23,4% en 2010 e o 23,5% en 2008. Isto significa que se da polo menos unha das seguintes condicións: taxa de risco de pobreza, privación material severa ou que viven en fogares con intensidade de traballo moi baixa. En 2011, a maior proporción de persoas en risco de pobreza ou exclusión social rexistráronse en Bulgaria (49%), Rumanía e Letonia (40%), Lituania (33%), Grecia e Hungría (31%), e o máis baixo na República Checa (15%), os Países Baixos e Suecia (16%), Luxemburgo e Austria (17%).

co ollo posto nas exportacións. O sector da saúde foi literalmente escachado. No entanto, todas esas medidas reactivaron “a confianza” financeira. Os préstamos volveron. As exportacións medraron.

Sorprendentemente, non houbo protestas nas rúas. Por iso Letonia vén sendo presentada como “a proba” de que o purgante e o cólico poden compensar, desde haxa unha suficiente dose de conformismo nas veas do país. Letonia é a nova meniña dos ollos do neoliberalismo, o bo exemplo en medio daqueles países carentes de disciplina algunha: Grecia, España, Portugal, Italia, até a veciña Lituania, onde as protestas non paran de acontecer, sen falar do Reino Unido, de Bélxica ou de Irlanda.

Ao contrario que Islandia, o goberno “austero” do primeiro ministro Valdis

Dombrivskis non caeu. Pola contra, foi reescolleito. Líderes sindicais dan entrevistas afirmando a inutilidade de fa-

Letonia vén sendo presentada como “a proba” de que o purgante e o cólico poden compensar, desde exista bastante conformismo nas veas do país

cer folgas. Grazas ás exportacións, cuxo aumento foi motivado pola contracción salarial, o PIB en 2011 creceu un 5 por

cento, un número marca para unha Europa en naufragio constante en dioivos económicos e doses de adrenalina devastando as economías, as bolsas e os nervios dos cidadáns. En suma, Letonia é un Paraíso.

Pois ben, nin sequera todo é perfecto no Paraíso. Letonia continúa a ser un dos países máis pobres de Europa, cun índice de pobreza do 30,9 por cento da súa poboación, segundo as estatísticas da Unión Europea. O desemprego diminuíu, é certo, mais ao final de 2012 estaba nun 14,2 por cento. Desta porcentaxe, o 17 por cento dos desempregados nin sequera anda xa na procura de emprego. Asemade, o 5 por cento da poboación emigrou, e as investigacións indican que a posibilidade de volta é ben miúda.

Todo iso lembroume un diálogo que tiven, décadas atrás, cando presidía un cineclubes na cidade de Porto Alegre, no Brasil. Na saída do cinema, comentabamos —algúns cinéfilos— o filme, unha de vaqueiros. Ao final, cando os indios ían tomar o forte, no canto da prometeda cabalaría chegou só un carro cuberto por unha lona. Os indios asañáronse, atacando en masa, con grandes berros e rifles brandidos no aire. O persoal que ía no carro desarmou a lona, e apareceu un metrallador de trípode que esnaquizou aos atacantes.

Un dos cinéfilos comentaba, entusiasmado, aspectos “progresistas” do filme, revelados nos conflitos entre os defensores do forte. “Acouga”, retruquei eu, “e os indios?”. “Ben”, díxome o cinéfilo, “nas de vaqueiros os indios son só parte do decorado”. Pobre John Ford!

Mais a verdade é que no neoliberalismo a metáfora é aplicábel. O pobo é o decorado. Non importa a delgadez —ou escualidez— dos actores. O que conta é a vestimenta. •

Flávio Aguiar é profesor, tradutor e correspondente internacional. Actualmente traballa en Berlín. Outros artigos do autor en galego pódense ler en: www.altermundo.org/autor/flavio



América Latina: horizonte 2013



Katu Arkonada
Colaborador do
Ministerio de
Relacións
Exteriores de
Bolivia

En Sudamérica será clave o ocorrido en 2012 en Paraguai, por unha banda, e en Venezuela, pola outra, así como a forma en que se resolvan eses sucesos

Dende o ollar xeopolítico, 2012 estivo marcado polos acontecementos ocorridos en dous países do subcontinente americano. Por unha banda, o golpe de estado acontecido en Paraguai en xuño e, pola outra, as eleccións presidenciais en Venezuela en outubro e o anuncio do presidente Chávez de designar ao vicepresidente Nicolás Maduro como o seu sucesor no caso de que a súa doenza se vexa agravada.

Ambos os dous sucesos, e a forma en que sexan resoltos, van definir boa parte do desenvolvemento dos acontecementos políticos no vindeiro ciclo 2013-2014. Paraguai era o eslabón máis feble dos procesos de mudanza do continente, cun Fernando Lugo refén dos seus pactos de gober-



Disque se a situación de Chávez en Cuba se agrava podería haber eleccións en Venezuela en marzo

Co comandante da revolución bolivariana recentemente operado en Cuba e o anuncio da súa posíbel sucesión, albíscanse sombras no escenario dos procesos de cambio

no cos liberais, ademais dun emprazamento xeoestratéxico clave no cen-

tro de Sudamérica, razón pola cal se están a instalar bases militares dos Estados Unidos nese país. As eleccións presidenciais que se van celebrar en abril, onde Lugo encabeza a lista de senadores da Fronte Guasú, mostrarán se hai posibilidade de reforzar a esquerda continental, ou se a balanza se inclina cara á dereita. No caso venezolano, foi unha demostración de forza e un golpe no taboleiro xeopolítico a vitoria de Chávez, así como a vitoria, o 16 de decembro, en 20 de 23 estados nas eleccións a gobernador. Pero co comandante da revolución bolivariana recentemente operado en Cuba e o anuncio da súa posíbel sucesión, albíscanse sombras no escenario dos

procesos de cambio. É algo máis que un murmurio a posibilidade dunhas eleccións anticipadas antes de que remate marzo, eleccións onde a esquerda continental se xogaríase moito máis do que parece.

Non podemos esquecer que América Latina segue a ser o subcontinente máis desigual do planeta. De acordo co informe "Panorama social de América Latina 2012", divulgado pola Comisión Económica para América Latina e o Caribe, este ano a rexión finalizará con 167 millóns de pobres, un millón menos que en 2011, así como en torno a 70 millóns de persoas que subsisten por baixo do limiar da extrema pobreza, máis ou menos un 12%



O ex presidente Fernando Lugo advertiu hai poucos días que teme unha fraude nas eleccións que terán lugar o 21 de abril no Paraguai

da poboación latinoamericana. En 18 países de América Latina, o 10% máis rico da poboación recibe o 32% dos ingresos totais, mentres que entre todo o 40% máis pobre téñense que repartir o 15% deses ingresos.

Estes datos fan que unha das prioridades no próximo ciclo sexa seguir redistribuíndo a riqueza, produto dos seus recursos naturais principalmente, até reducir a cero os índices de máxima pobreza. Esa redución da pobreza, xunto coa universalización dos servizos públicos e o logro da seguridade e a soberanía alimentar, debería ser a folla de ruta dos gobernos progresistas de América Latina.

O outro gran reto continental é o da integración, xa non só comercial, senón principalmente nun nivel político. Nese sentido, será clave o reforzamento de Mercosur e UNASUR, e sobre todo do ALBA e a Comunidade de Estados Latinoamericanos e do Caribe (CELAC), cun cume anual a finais de xaneiro en Santiago de Chile onde Cuba vai asumir a presidencia *pro tempore* durante o ano 2013.

Dende os movementos sociais, campesiños e indíxenas que nunha boa

parte dos países pasaron da resistencia á proposta, e de aí á toma do poder, os retos non son menores. Sen dar

Os medios de comunicación chaman rescate ao que non deixa de ser un plan de liquidación de activos para pagarmos unha débeda impagable e con grande desfeita da economía

tempo a pasar a folla do calendario, en xaneiro vaise a celebrar no Brasil, na escola de formación política do MST, a Asemblea Continental de Movements Sociais cara ao ALBA, e xusto despois, en Santiago de Chile, o Cume dos Pobos paralelo ao Cume Unión Europea-América Latina e CELAC. Serán momentos de articulación e planificación dos movementos sociais continentais.

O desafío non é nada pequeno, despois da vitoria electoral en Venezuela e a máis que probábel en primeira volta de Rafael Correa nas eleccións presidenciais que terán lugar en febreiro no Ecuador, moitos esforzos vanse a investir en desgastar ao Goberno boliviano que encabezan os compañeiros Evo Morales e Álvaro García Linera. É tarefa dos movementos sociais e gobernos aliados o artellar redes, plataformas e alianzas que, dende a autonomía e unha posición crítica pero leal, blinden os procesos de mudanza en América Latina.

Ao contrario da Europa das élites, dos mercados e do capital, os procesos de cambio latinoamericanos mostran o camiño de defensa das maiorías sociais, na procura dun novo modelo político e económico que xere rupturas e permita albiscar unha transición postcapitalista. Baixo ese horizonte, o compás político da esquerda europea debería comezar a orientarse cara ao Sur. •

Artigo cedido por **Katu Arkonada** para a súa publicación en galego.



Contrainsurxencia e resistencia zapatista



Neil Harvey
Profesor-investigador da Universidade Estatal de Novo México

Coa máis grande mobilización dende o 1 de xaneiro de 1994 o EZLN sorprende novamente cunha toma de posición fronte ao goberno do priista Enrique Peña Nieto

As marchas silenciosas de milleiros de zapatistas en cinco cabeceiras de Chiapas, o pasado 21 de decembro, lograron lembrar á sociedade dúas cousas: a capacidade organizativa do EZLN e a súa vixencia política. Contra aqueles que dicían que o zapatismo era cousa do pasado, os aproximadamente 40 mil indíxenas que participaron nas mobilizacións demostraron o fracaso da estratexia contrainsurxente que aplicaron os diferentes gobernos durante os pasados 18 anos. A marcha tamén demostrou a renovación das bases do movemento, coa participación de novos cadros de homes e mulleres que creceron no mesmo período e, malia todas as agresións en contra das súas comunidades autónomas, manteñen vivas as demandas. Coma noutras oca-



ALBA TV

Ao finalizar o 13 baktun 40 mil maías zapatistas marcharon en silencio en cinco 'Caracois' de Chiapas

Os aproximadamente 40 mil indíxenas que participaron nas mobilizacións demostraron o fracaso da estratexia contrainsurxente

sións, os zapatistas escolleron un día fóra do calendario dos partidos políticos para dar conta destas marchas. Ao

contrario, celebraron o inicio dunha nova era maía e ao mesmo tempo afirmaron a actualidade e vixencia das loitas dos pobos indíxenas polos seus dereitos colectivos e a autonomía.

Aínda que a mobilización demostra unha vez máis a súa capacidade organizativa, cómpre non esquecer as consecuencias das agresións na súa contra ao longo destes 18 anos. O zapatismo ha ter que defenderse do Exército Mexicano e dos diversos grupos paramilitares, os cales, dentro dunha política contrainsurxente implementada desde xaneiro de 1995, intentaron desgastar ás bases de apoio e crear as condicións propicias para dividir comunida-

des e sementar o medo. O alto grao de organización que os zapatistas demostraron o 21 de decembro tamén se manifestou en case dúas décadas de resistencia para non caer nas provocacións dos seus opositores e así seguir construíndo alternativas autónomas.

Xa que logo, é preocupante que os grupos paramilitares sigan operando no estado. Ao longo do 2012 as cinco Xuntas de Bo Goberno (XBG) zapatistas difundiron varias denuncias de agresións de grupos armados que buscan quitar-lles terras ou roubarlles os produtos do traballo das comunidades. Un exemplo recente é a agresión de membros do grupo 'Desarrollo, Paz y Justicia' á comuni-



A marcha zapatista contou con maioría de mozos e mozas que aínda non naceran o 1 de xaneiro de 1994

dade Nuevo Poblado Comandante Abel, situada no municipio autónomo La Dignidad (oficialmente, Sabanilla) na zona norte de Chiapas.

Segundo o 'Informe de la Caravana de Solidaridad y Documentación al Nuevo Poblado Comandante Abel' (www.sipaz.org/images/stories/boletines/Informe_Caravana_.pdf), o 6 de setembro uns 55 agresores armados chegaron á comunidade e dispararon balas para agredir aos zapatistas. O grupo invasor construíu o seu propio campamento e trincheiras á beira dun río onde se situaron para ameazalos con armas. En poucos días, o número deste grupo medrou a 150 e os seus integrantes tomaron a metade das 147 hectáreas da comunidade. Os observadores da caravana constataron que as balas alcanzaban as paredes da escola autónoma e as tendas cooperativas. No canto de enfrontar aos agresores, a maioría das bases de apoio zapatistas saíron e, logo de camiñar no monte durante dous a tres días, atoparon refuxio noutra comunidade, San Marcos. Durante este lapso, as mulleres e nenos sufriron doenzas e fame, mentres os zapatistas que se quedaron na comunidade non puideron saír ás súas milpas. Unha situación similar viviron catro familias que tiveron que saír da comunidade Unión Hidalgo por mor das ameazas dun grupo de priístas. His-

torias como estas eran moi comúns nos anos '90, sobre todo durante as semanas posteriores á ofensiva militar do 9 de febreiro de 1995, ordenada polo entón presidente Ernesto Zedillo. O feito de que estas agresións aínda acontezan con frecuencia debe chamar a atención para que se tomen accións coa finalidade de detelas e, no seu lugar, poñer en práctica os Acordos de San An-

Ao non aceptar o asistencialismo do goberno, demostraron que si é posíbel poñer en práctica diversos proxectos autónomos que respondan ás necesidades sociais, económicas e políticas das comunidades

drés.

Cabe sinalar que un dos logros das XBG foi a creación de mecanismos autónomos para resolver conflitos. Varios estudos sobre a autonomía zapatista documentaron a importancia destes espazos para que os grupos non zapatis-

tas poidan resolver disputas sen custo e con persoas da mesma comunidade e posición socioeconómica. Os zapatistas tamén recoñecen a necesidade do acceso á terra doutras familias que non participan na organización. Exemplo foi a fundación do mesmo Nuevo Poblado Comandante Abel en maio do 2012, cando a comunidade de San Patricio decidiu recolocarse nun predio distinto e así evitar maiores conflitos. Como explica un comunicado da XBG de Roberto Barrios (11 de setembro), a decisión de recolocarse foi "para que eles teñan a súa parte porque tamén teñen dereito á vida". (enlacezapatista.org.mx).

Con todo, como mencionamos, as agresións continúan debido aos intereses políticos que buscan desgastar ás bases de apoio zapatistas. No entanto, a resistencia segue, como din os integrantes da XBG na zona norte: "o que nos fai o mal goberno intentando invadir, é o seu xeito de guerra e desgastar para rendernos. Non deixamos a nosa loita e non nos imos render; eles pensan que si, pero non nos imos render. A nosa loita é pola terra e a nación". (Informe da Caravana de Solidariedade e Documentación).

Os zapatistas, ao non aceptar o asistencialismo do goberno, demostraron que si é posíbel poñer en práctica diversos proxectos autónomos que respondan ás necesidades sociais, económicas e políticas das comunidades. Por iso os gobernos trataron de reprimir, achicar, dividir, cooptar ou, ante a imposibilidade de todo isto, simplemente ignorar a súa presenza. Ante esta realidade, as recentes marchas dan conta da vitalidade da autonomía indíxena que, malia as agresións, segue a ser unha alternativa con amplo respaldo popular en Chiapas, en México, e un exemplo para o mundo. •

Artigo cedido polo seu autor, e antes publicado en *La Jornada*, para a súa publicación en galego. Neil Harvey é autor de *La rebelión de Chiapas: la lucha por la tierra y la democracia* (Era, 2003)

O xardineiro uruguaio



Mauro Santayana
Xornalista brasileiro

O *The New York Times* publicou, neste fin de semana, un perfil do presidente do Uruguai, José Mujica. Non é a primeira vez que os seus hábitos modestísimos ocupan algúns importantes xornais do mundo. Máis instigante do que o estraño xefe de Estado e de goberno, que doa case todos os seus subsidios presidenciais aos pobres e que cultiva crisantemos, é o propio Uruguai, que chegou a ser comparado coa Suíza nas primeiras décadas do século pasado.

José Mujica talvez esaxere nos seus hábitos, ao desprezar a residencia oficial dos xefes de Estado, mais con iso ispe o poder dos seus seus ornamentos costumeiros

A comparación foi inxusta para co Uruguai, aínda que o país meridional servise tamén de paraíso fiscal para os bandidos de sempre: lavadores de diñeiro e ladróns de recursos públicos dos países veciños.

O Uruguai destacou, en América Latina, pola coraxe dun gran presidente, José Battle y Ordóñez. Cando o continente se atopaba baixo a influencia reacionaria da Igrexa Católica, aínda en 1906, o presidente, que era home da poderosa oligarquía uruguaia –seu pai foi presidente da Re-


pública e a familia continuou poderosa até hai ben pouco–, mandou retirar os crucifixos dos hospitais, promoveu a lexislación que instituíu o divorcio, e prohibiu a evocación de Deus e dos Evanxeos nos xuramentos oficiais. Máis aínda: instaurou o sufraxio universal, reformou, ampliándoo, o sistema de ensino, na confesada e obstinada decisión de construír unha poderosa clase media. No seu segundo mandato, entre 1911 e 1915, Battle declarouse abertamente contra o imperialismo, estableceu o seguro desemprego, coa lei de compensación contra a falta de traballo, e ao mesmo tempo acabou cos grandes monopolios privados, nacionalizándoos.

O Uruguai era, e continúa a ser, un país privilexiado pola fertilidade das súas terras, o que o fixo un dos maiores exportadores de carne e de lá do continente. A poboación sempre foi reducida, e urbana: no campo só ficaban os vaqueiros e os cultivadores de trigo. Iso favoreceu a evolución do país, e contribuíu para que a súa sociedade fose a menos desigual do continente, até a onda golpista dos anos 60 e 70 na nosa América Latina, promovida polos norteamericanos, e a coñecida adhesión ao neoliberalismo.

Cos recursos obtidos no comercio internacional, o Uruguai foi o pioneiro no máis exitoso sistema de benestar social do hemisferio. A xubilación era precoz para os traballadores máis sacrificados, xa fose polas condicións físicas da actividade, ou pola súa presión psicolóxica –como os pilotos de avións, por exemplo.

José Mujica talvez esaxere nos seus hábitos, ao desprezar a residencia oficial dos xefes de Estado e mesmo, como fixo, usala como abrigo para os moradores de rúa, que o neoliberalismo está producindo no seu país. Mais,

VINCE ALONGI



con iso, el –como dalgún xeito xa fixera o seu antecesor, Tabaré Vázquez– ispe o poder dos seus seus ornamentos costumeiros. Constantino, o grande emperador, vestía roupas novas e cubertas de ouro, todos os días. Mujica, o antigo guerrilleiro tupamaro, que pasou 14 anos prendido, non usa gravatas.

Ao recibir, na súa casa –sen empregados do fogar– o reporteiro que o entrevistou, Mujica ofreceulle un golo de *cachaça* uruguaia, mentres demostraba a súa cultura, citando a Spinoza. Lembrou unha pasaxe de Don Quixote e Sancho Panza, que, hóspedes de pastores de cabras, beben viño e comen cabrito asado, con seus anfitrións, e observou que os pastores son os homes máis pobres de España.

“Probabelmente, por iso mesmo, sexan os máis ricos”, completou o presidente, que está en contra da reelección, e pretende volver a plantar flores, cando o seu mandato remate. •

Os pensamentos de **Mauro Santayana** pódense ler tamén en: www.maurosantayana.com



Tunisia ás portas

O período de inscricións para o vindeiro FSM, iniciado o 15 de outubro pasado, xa permitiu a presentación de 900 actividades e a acreditación dunhas 1.200 organizacións de todo o planeta

Do 14 ao 16 de decembro de 2012 organizouse en Tunisia un seminario preparatorio do Foro Social Mundial, Tunisia 2013 –será do 26 ao 30 marzo–, coa participación de máis de 100 movementos sociais e organizacións do mundo enteiro. O encontro permitiu compartir os esforzos xa iniciados e definir en común un plan de acción para o período restante, en materia de comunicación, de mobilización, de metodoloxía e de procura de recursos.

Os participantes puideron apreciar a presenza dun Comité facilitador e de Comisións de traballo abertas a todas as sensibilidades da sociedade civil tunisiana, en particular aos movementos que sexan activos na resistencia á ditadura, ás organizacións de defensa dos dereitos e ás novas organizacións aparecidas logo da revolución.

Deste xeito, recibiron información sobre os intercambios coas autoridades Tunisianas, que decidiron, logo da xuntanza dun Consello Interministerial, ofertar todo o apoio necesario. Así, definiuse que o FSM terá lugar na Universidade de Elmanar I.

Tamén se evaluou o traballo efectuado para mobilizar aos movementos sociais tanto no plano tunisiano, Magh-

rebino e no Exipto, como no plano internacional. Están previstas, semanas antes do FSM, caravanas a través do Maghreb, do Sahara, nacionais, e transmediterráneas co fin de permitir unha participación masiva de cidadáns, de organizacións e de movementos. Tamén están deseñadas accións de envergadura para lograr a participación dos es-



tudantes de diferentes universidades tunisianas e dos científicos

Logo de avaliar o camiño percorrido cara ao vindeiro FSM, os participantes traballaron para definir un plan de acción para os tres meses restantes. En materia de metodoloxía e de programa, definiron as diferentes etapas para permitir por unha banda, unha programa-

ción que garanta a integración do conxunto das preocupacións dos movementos, e doutra un proceso cooperativo para facilitar as articulacións e as converxencias, así como unha visibilidade particular ao pobo palestino, aos movementos das mulleres, dos migrantes e dos indignados. Tamén se definiron as estratexias de comunicación, as orien-

tadas ao programa cultural e as eivas e potencialidades no eido financeiro do FSM.

Tendo en conta o contexto de ebullición democrática que coñece a rexión Maghreb-Machreq, os desafíos suscitados pola crise das civilizacións, e os cambios xeopolíticos maiores, os movementos mostráronse conscientes da necesidade de facer do FSM 2013 unha etapa importante para reforzar a solidariedade entre os pobos, actuar xuntos para que as súas loitas inscriban nas vivencias da xente os valores de dignidade e de xustiza social,

e iso por todo o planeta terra, e para que o FSM continúe sendo un espazo global de resistencia e de alternativa.

Por último, decidiuse pechar o foro social mundial o 30 de marzo cunha marcha popular e internacional de solidariedade co pobo Palestino para conmemorar “a xornada da terra”.

+ **INFO:** www.fsm2013.org

Altermundo | Suplemento Horizontal, publícase cada dous meses coa revista **Tempos Novos** | www.altermundo.org | **Consello Editorial:** ALFREDO IGLESIAS, ANA MIRANDA, ANTON FENTE, ANTÓN GÓMEZ-REINO, CÁNIDIDO GRYZBOWSKI, CARLOS TAIBO, CARMÉ CARBALLO, DAVID RODRÍGUEZ, IMANOL DORCA, LUPE CES, MANUEL CASAL, MARGA TOJO, MIGUEL ANXO FERNÁN VELLO, RAÚL ASEGURADO, REBECA FERNÁNDEZ, ROBERTO MANSILLA, XABIER MACÍAS, XABIER RON, XAVIER SIMÓN, XOÁN HERMIDA, XOÁN R. DOLDÁN, XOSÉ MANUEL BEIRAS | **Coordinador:** MANOEL SANTOS | Teléfono: +34 686 021 933 | Se queres colaborar escribe a tempos@altermundo.org